

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES DA XUNTA DE GALICIA E O COLEXIO TERRITORIAL DE SECRETARIOS, INTERVENTORES E TESOUREIROS DE ADMINISTRACIÓN LOCAL DA CORUÑA E PONTEVEDRA PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE FUNCIONAMENTO DESTA ORGANIZACIÓN COLEXIAL

REUNIDOS

Dunha parte, Diego Calvo Pouso, vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Pola outra parte, José Antonio Rueda de Valenzuela, presidente do Colexio Territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local da Coruña e Pontevedra, en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 23.2 dos seus estatutos.

As persoas reunidas actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto

EXPOÑEN

PRIMEIRO. A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de Administración local.

O Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, configura esta como o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do goberno en materia de administración local, atribuíndolle, entre outras as competencias as relacións coas entidades locais e coas demais institucións relacionadas co ámbito do poder local.

Á súa vez, o artigo 29 do antedito decreto determina que a Dirección Xeral de Administración Local é o órgano encargado da xestión das competencias que, con respecto ao persoal funcionario de habilitación de carácter nacional, lle corresponde a Comunidade Autónoma de Galicia.

SEGUNDO. Segundo o disposto no Real Decreto 353/2011, do 11 de marzo, polo que se aproban os Estatutos Xerais da Organización Colexial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local, os colexios oficiais que integran a dita organización son corporacións de dereito público, con personalidade xurídica propia e capacidade de obrar plena para o cumprimento dos seus fins e que teñen entre as súas funcións cantas redunden en beneficio dos intereses profesionais dos colexiados.



TERCEIRO. A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Colexio Territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local da Coruña e Pontevedra, no ámbito das súas respectivas competencias, consideran oportuno establecer un marco de colaboración que lles permita xuntar esforzos para facilitar a consecución dos seus intereses comúns.

Neste mesmo senso, o artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que as administracións públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios de colaboración con suxeitos de dereito público e privado, sen que isto poida supor cesión da titularidade da competencia.

CUARTO. Que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrencia pública ao estar instrumentándose a concesión de subvencións para gastos de funcionamento a todos os colexios territoriais de Galicia, que son os beneficiarios do gasto orzado na aplicación 05.23.141A.481.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2022, destinado á colaboración entre a Xunta de Galicia e os Colexios de Secretarios Interventores e Tesoureiros de Administración Local da Comunidade Autónoma.

Co fin de distribuír esta cantidade global, solicitóuselles aos presidentes dos tres colexios a presentación dunha proposta de gastos necesarios para o funcionamento da organización, co fin de poder instrumentar a concesión das subvencións mediante a subscripción de convenios individuais entre a Xunta de Galicia e cada un dos tres colexios territoriais de Galicia.

Todos os colexios responderon á proposta de colaboración da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Deportes, que se instrumentou mediante os respectivos convenios.

A distribución do crédito dispoñible realizouse con base nos respectivos orzamentos de gastos e/ou da cantidade solicitada por cada colexio, consonte o principio de congruencia recollido no artigo 88 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

QUINTO. Que o Colexio Territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local da Coruña e Pontevedra acreditou o cumprimento dos requisitos para obter a condición de beneficiario da axuda, conforme co disposto no artigo 10 da Lei 10/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En virtude de todo o exposto ambas as dúas partes, recoñécense capacidade para comprometerse e someterse ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer un marco de colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Colexio Oficial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local da Coruña e Pontevedra para consecución dos seus intereses comúns. Neste ámbito, o Colexio desenvolve, de conformidade cos seus Estatutos un conxunto de actividades no ámbito da administración local, que a Vicepresidencia Segunda e Consellería considera de interese xa que redunda en beneficio da mellora do funcionamento da Administración local galega.

SEGUNDA. Obrigas do Colexio

Ademais das establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento, son obrigas do Colexio:

1. Destinar os fondos que se perciban ao obxecto concreto para o que se concede esta subvención, executar as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio e cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel.
2. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, nos termos establecidos neste convenio.
3. Proceder ao reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas, se as houbese, xunto cos xuros de demora devindicados desde o momento do pagamento até a data na que se acorde a procedencia do reintegro, segundo o procedemento establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, nos seguintes supostos:
 - a. Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención.
 - b. No suposto de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas respecto do custo do proxecto ou actividade, nos termos do artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
 - c. Incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - d. Nos demais supostos de aplicación, nomeadamente os establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
4. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, conforme coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio 2006 e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
6. Subministrar á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes toda a información que se lle requira en materia de transparencia, de acordo co establecido no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno
7. Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións, así como o sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.



TERCEIRA. Obrigas da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

1. A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, colaborará co Colexio Territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local da Coruña e Pontevedra (en diante, o Colexio), mediante a achega en favor do dito Colexio da cantidade máxima de ONCE MIL CATROCENTOS TRINTA E CATRO EUROS CON CINCUENTA E SETE CÉNTIMOS (11.434,56€), con cargo á aplicación orzamentaria 05.23.141A.481.2 (C.P. 2015 00098) dos orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2022, que servirán para financiar gastos de funcionamento desta organización colexial de acordo co orzamento seguinte:

ORZAMENTO 2021 - COSITAL A CORUÑA E PONTEVEDRA

Descrición	Importe
Gastos de persoal do Cosital da Coruña e Pontevedra no exercicio 2022	15.234,40
TOTAL ORZAMENTO	15.234,40

2. Esta achega fíxase como un importe certo e sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total, polo que queda por conta da entidade beneficiaria a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada. De ser o caso, o financiamento público unicamente deber ser reintegrado polo importe que supere o custo total da actividade.
3. Esta achega é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Porén, o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.
4. De acordo co previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria está exonerada da constitución de garantías, por tratarse dunha subvención con cargo a un crédito orzamentario correspondente ao capítulo IV *Transferencias correntes*, destinadas a familias e institucións sen fins de lucro.

CUARTA. Gastos subvencionables

1. No marco das actividades ás que se refiren as cláusulas precedentes, consideraranse gastos subvencionables aqueles efectivamente realizados e pagados entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2022 polo Colexio Territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local da Coruña e Pontevedra para financiar os gastos de funcionamento referidos na cláusula terceira deste convenio, quedando o Colexio obrigado a destinar os fondos percibidos para financiar os devanditos gastos.
2. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado neste convenio.
3. A data límite para a execución das actuacións subvencionadas e para a presentación da referida documentación xustificativa será o 30 de novembro de 2022.



QUINTA. Conta xustificativa

Para percibir o importe da subvención na contía que corresponda, ata o importe máximo previsto na cláusula terceira, o Colexio deberá acreditar a execución das actuacións que constitúen o obxecto deste convenio mediante a presentación da seguinte documentación na sede electrónica da Xunta de Galicia:

1. Certificación asinada electronicamente pola Secretaría do Colexio, co visto e prace da Presidencia, relativa á aprobación da conta xustificativa da subvención, na que constará a relación dos distintos conceptos e contías soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada.

A relación incluirá a identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de pagamento.

2. As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na certificación á que fai referencia o punto anterior.
3. Os gastos de persoal acredítanse mediante a presentación de nóminas, documentos RNT e RLC da Seguridade Social, e copia do documento Modelo 111. *Retencións e ingresos a conta*, ou do Modelo 190, presentado na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
4. Os pagamentos acredítanse mediante a presentación da seguinte documentación:
 - O pagamento de nóminas mediante xustificante da transferencia bancaria á conta da persoa perceptora.
 - O pagamento das cotas da seguridade social, mediante a presentación dos recibos de cargo en conta emitidos pola entidade bancaria a través da cal se realice o pagamento.
 - Documentación xustificativa do ingreso na Axencia Tributaria das retencións e ingresos a conta do IRPF, nos supostos en que este sexa subvencionable, e certificación emitida pola secretaría do colexio na que conste que o importe desa retención vai incluída no/s respectivo/s modelo/s 111 ou 190 presentados como xustificación do gasto.
5. Declaración responsable asinada electronicamente polo presidente do colexio referida a:
 - a. O conxunto das axudas solicitadas para o mesmo proxecto ou gasto das distintas administracións públicas ou das súas entidades vinculadas ou dependentes; a declaración irá referida tanto ás axudas aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución.
 - b. Non estar o Colexio incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Para os efectos do previsto no artigo 11.e), 31.7 e concordantes da Lei de subvencións de Galicia. Esta declaración será documento suficiente para acreditar que o Colexio se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma e que non é debedor por resolución de procedemento de reintegro.

O prazo para a presentación da documentación xustificativa da subvención será dende a formalización do convenio ata o 30 de novembro de 2022.



SEXTA. Compatibilidade con outras subvencións

Conforme o disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a achega económica prevista no presente convenio será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da obra ou equipamento subvencionados.

SÉTIMA. Modificación do convenio.

1. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.
2. Respecto da subvención concedida pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, toda alteración das condicións tidas en conta para a súa concesión dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

A modificación deberá respectar o obxecto da subvención, as actividades subvencionadas e evitar actuacións deficientes ou incompletas.

OITAVA. Facultades de inspección

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes resérvase a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias, a través dos seus servizos técnicos, co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.

NOVENA. Seguimento do convenio

Para o seguimento da execución do presente convenio e para a solución das controversias que se puideran suscitar constituirase unha comisión de seguimento formada pola persoa titular da Dirección Xeral de Administración Local e un representante do Colexio ou persoas en quen respectivamente deleguen.

A Comisión mixta poderá ditar as súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir cando así o solicite algunha das partes. As súas funcións serán:

- Interpretación do convenio
- Proposta, de ser o caso, de addendas
- Coordinación das funcións de ambas as dúas partes
- Calquera outras relacionadas co desenvolvemento deste convenio

DÉCIMA. Causas de resolución

1. O presente convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:
 - a) O incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.



- b) O transcurso do tempo fixado sen que se executen ou xustifiquen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordado a súa prórroga.
- c) O acordo unánime de todas as partes asinantes.
- d) A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio
- e) Calquera outra causa prevista nas leis

DÉCIMO PRIMEIRA. Vixencia do convenio

Sen prexuízo do establecido na cláusula cuarta, o presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a vixencia ata o 30 de novembro de 2022.

DÉCIMO SEGUNDA. Natureza do convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas, logo de informe ou proposta da comisión de seguimento, pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

DÉCIMO TERCEIRA. Publicidade do convenio

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

DÉCIMO CUARTA. Normativa de aplicación.

En todo o non previsto neste convenio estarase o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En proba de conformidade co expresado neste convenio, as partes comparecentes asinan na data consignada na sinatura electrónica.

Vicepresidente segundo e conselleiro de
Presidencia, Xustiza e Deportes

Presidente do Colexio Territorial de
Secretarios, Interventores e Tesoureiros
de Administración Local da Coruña e
Pontevedra

Diego Calvo Pouso

José Antonio Rueda de Valenzuela

